

Discurso de abertura do Congreso

XOÁN COSTA CASAS
(Presidente da AS-PG)

A celebración deste Congreso é un dos actos centrais dun proxecto máis amplo, que leva a cabo a AS-PG, a AELG, a Mesa e a CIG, durante o presente ano e o primeiro semestre do próximo, baixo a denominación de Manuel María Poeta Nacional.

Esta iniciativa, cofinanciada por diversas entidades, ten como obxectivos, e centra o seu interese na análise, na divulgación e na reflexión sobre a obra de Manuel María e a súa proxección social, pretendendo atinxir a todos os sectores sociais.

Agora, con este acto, quixemos aproximarnos, desde o ámbito académico, á obra dun dos máis grandes escritores da nosa literatura; coñecer o seu universo de representacións axudaranos a comprender o que fica fóra do texto: a nosa propia historia, ou aspectos dela. Porque somos conscientes de que no noso país a escrita literaria ocupa metonimicamente o lugar da escrita xeral; de que a nosa Literatura é un dos poucos, senón o único, dos espazos en que Galiza aparece como un país normal. Na CIG-Ensino e na AS-PG somos conscientes de que a sociedade galega é debedora absoluta da obra de Manuel María. Da súa inmensa obra literaria, que permitiu que moitos nenos e nenas puidesen ler en galego as súas primeiras palabras, mais tamén do seu inmenso esforzo por acudir a onde se demandase a súa presenza para, coa súa voz poderosa e unha liña argumental interrompida só por un anecdotario ao servizo da propia argumentación, aproximar o auditorio ao coñecemento da realidade galega, e desde esta da realidade universal. Porque a literatura, a boa literatura,

non sobrevoa o mundo, non o contempla desde a estratosfera ou as órbitas celestes. Está no mundo, e pensamos que Manuel María compartiría a afirmación do profesor Francisco Rodríguez: “Toda boa literatura é un xuízo implícito sobre o mundo; é un afán de revivelo, de recrialo, de, ás veces, explicalo implícitamente”.

Mais tamén queremos demostrar a nosa admiración, o noso respecto para un home no que vida e obra están fundidas ao servizo da nación a que pertence. Mais tamén homenaxe como fórmula pola que declaramos o noso compromiso como galegos e galegas con todos aqueles valores presentes na súa obra que nos reivindicán e nos identifican como pobo.

Durante moitos anos Manuel María foi compañeiro de todos nós nas mais diversas actividades desenvoltas por toda a nación. Nelas lembrou os nosos escritores, a nosa historia, os pormenores da nosa conciencia colectiva. Somos millares os galegos e galegas que asistimos a eses actos de recuperación da memoria e que agora continuaremos aquí, demandando un país novo e unha sociedade comprometida con Galiza.

Hoxe, Manuel María é palabra viva.